

REDONDELA

Un relato sobre a soidade gaña o certame literario 'Os Viadutos'

IVÁN LEIS / REDONDELA O camiño das formigas", do escritor coruñés Iván García Campos, foi a obra gañadora do oitavo certame literario de relatos curtos en lingua galega "Os Viadutos". A este concurso que convocou a Concellería de Xuventude de Redondela presentáronse uns vinte autores menores de 35 anos. García Campos recolleu onte no Concello o seu premio, 1.200 euros; tamén acudiu Xerardo Neira Pereira, biólogo e periodista de Santiago que obtivo polo seu relato "A orella de Jenkins" o segundo premio, dotado con 600 euros. Ámbolos dous verán as súas obras reunidas nun libro do que se van publicar 500 copias.

O gañador do certame dixo que "O camiño das formigas" constitúe "un eloxio á lentitude e ao recordo, unha reflexión sobre o tempo" a través da visión, en primeira persoa, dun personaxe anónimo, un home maior que camiña só. García Campos contou que tiña o relato en preparación cando se abriu o prazo para o certame redondelán, "e apurei para rematalo a tempo".

"Escribir é algo vital"

Este escritor novo xa obtivo importantes recoñecementos á súa literatura: primeiros premios "Ánxel Fole", "Manuel Orestes", un accésit no "Modesto Figueirido" e mais un "Francisco Añón" de poesía, aos que agora suma o prestixioso "Os Viadutos".

Para García Campos, "escribir é algo vital, terapéutico, poñer en contacto o mundo solitario do escritor coa soidade do lector". Explicou que aínda que ven dun entorno castelán-falante, escribe en galego "por un compromiso coa cultura e o sentimento".

Un conto histórico

Xerardo Neira presentou pola súa banda "A orella de Jenkins", un relato histórico que ambienta na Inglaterra do século XVIII. A particularidade do seu texto é a estrutura de "informe ou acta" que amosa "sen diálogos pero con declaracións" dúas versións dun feito real, protagonizado polo contrabandista Jenkins no Parlamento inglés.

Neira amosou satisfacción por ter sido segundo premio "nun certame xa consolidado que garante a publicación".

No acto, o director de Xerais e membro do xurado Manuel Bragado salientou a calidade dos textos premiados.

"Malia a súa extensión, 20 ou 25 folios, estruturáronas como se fosen pequenas novelas". En particular destacou a obra de Iván García Campos, "un texto moi actual que trata dun xeito moi significativo o problema da soidade nos vellos".

A edil de Xuventude Isabel Castro valorou o feito de "axudar a mozos a desenrolar canles de expresión en galego e favorecer tamén a lectura na nosa lingua".



O editor Manuel Bragado, a concelleira Isabel Castro, e os escritores Iván García Campos e Xerardo Neira, co libro que edita o Concello. / R. ESTÉVEZ